

## AYUNTAMIENTOS

### CHANTADA

#### *Anuncio*

O Concello de Chantada, por acordo da Xunta de Goberno Local do día 6/11/2009 aprobou as seguintes bases para a convocatoria pública de subvencións para axuda ó transporte a estudantes:

#### **“BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA AXUDA AO TRANSPORTE A ESTUDANTES.**

##### 1.-OBXECTO.

O Concello de Chantada quere convocar unha liña de axudas ao transporte, destinada a aqueles veciños/as que cursan, fóra do termo municipal e en centros de ensinanza sostidos con fondos públicos, algún dos seguintes estudos:

- CICLO MEDIO DE FORMACIÓN PROFESIONAL
- CICLO SUPERIOR DE FORMACIÓN PROFESIONAL
- Estudos universitarios ou de réxime especial.
- Outros estudos non impartidos en centros oficiais do termo municipal.

En consecuencia, quedan fora da liña de axudas os estudos de Educación Infantil, Primaria, Secundaria Obrigatoria e Bachalerato, por existir na actualidade centros públicos dentro do termo municipal que imparten os devanditos cursos.

##### 2.- FINALIDADE.

A finalidade desta convocatoria é sufragar parcialmente o custe de traslado dos estudantes que cursen algún dos estudos sinalados na anterior base.

##### 3.- ORZAMENTO.

O Concello de Chantada dispón das seguintes contías orzamentarias para destinar a esta convocatoria:

Partida.- 313.481.00: 12.000 €.

Importe das achegas. a conceder: As achegas a conceder, como máximo, ascenderán a un importe único de 150,00 € por beneficiario e curso escolar

##### 4.- DESTINATARIOS.

Poderán optar a estas subvención as persoas censadas no Concello de Chantada que cursen fóra do termo municipal algún dos estudos indicados na base primeira durante os cursos 2009/2010.

Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As solicitantes non poderán ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.

##### 5.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

5.1.- Lugar de presentación.

As solicitudes deberán presentarse no rexistro xeral do Concello, ou en calquera outros rexistros públicos aos que se refi re o artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

5.2.- Prazo de presentación.

- Solicitud de axuda ao transporte para o curso escolar 09/10: Un mes desde a data de publicación da presente convocatoria no Boletín Ofi cial da Provincia.

5.3.- Documentación integrante das solicitudes.

As solicitudes deberán achegar a seguinte documentación, de acordo cos modelos que fi guran como anexos ás presentes bases:

Anexo I MODELO DE SOLICITUDE DE AXUDA.COPIA COTEXADA DO IRPF DA NAI E DO PAI, SE FOR O CASO

Anexo II DESIGNACIÓN DA CONTA BANCARIA NA QUE SE EFECTUARÁ O INGRESO DA SUBVENCIÓN.

Deberá xuntarse copia compulsada do resgardo de matrícula no centro. Admitirase tamén certifi cado de estar matriculado no actual curso académico, expedido polo centro correspondente.

6.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

A concesión das subvencións realizarase, mediante un réxime de concorrencia competitiva, e será aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local, despois da proposta motivada da comisión avaliadora correspondente.

Esta comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

- Presidente: Tenente-Alcalde do Concello de Chantada. Delegado de benestar.
- Vocais: Concelleiro/a designado polo PP, concelleiro designado polo PSOE, concelleiro non adscrito, a Interventora municipal. Na comisión actuará como secretario/a, sen voto, un funcionario do servizo de secretaria.

6.1.- Valoración das solicitudes.

As solicitudes valoraranse pola comisión indicada na anterior base.

BAREMO Límite máximo de base

Nº membros imponible por unidade familiar

1/2	10.665,93 euros
3	13.978,34 euros
4	16.751,61 euros
5	18.781,32 euros
6	20.769,77 euros
7	22.714,80 euros
8	24.619,25 euros

#### NORMAS ESPECÍFICAS DE VALORACIÓN:

- Cando sexan dous irmáns usuarios do bono-bus, o primeiro deles terá dereito á subvención, mentres que para o segundo a Comisión de Valoración poderá outorgala, sempre que o permitan as disponibilidades orzamentarias e a base imponible non supere os 33.202,65 euros.

- No caso de familias que teñan tres ou máis fillos cursando estudos universitarios, todos aqueles que utilicen o bono-bus terán dereito a subvención, sempre que a base imponible non supere os 49.752,07 euros.

- Deberá sumarse o importe das bolsas concedidas por outros organismos á base imponible da unidade familiar.

- Para o caso de declaracións do IRPF individuais:

Deberán posuír emancipación legal ou situación domiciliar individual en Chantada, para tal efecto deberán presentar documentación acreditativa das circunstancias que aleguen. Noutro caso, sumaranse todos os ingresos da unidade familiar.

#### 6.2.- Notificación e publicidade da resolución.

A resolución de concesión deberase notificar expresamente a tódolos solicitantes de forma fidedigna no prazo máximo de dous meses desde o remate do prazo de presentación de solicitudes.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan. De acordo co previsto no artigo 30 do RD 887/06, no mes seguinte ao trimestre natural en que se resolva a distribución de achegas ao abeiro desta convocatoria, procederase a publicitar a relación de beneficiarios, nos termos indicados en dita norma.

#### 7.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO:

De acordo coa súa natureza, a xustificación desta achega quedará acreditada polo feito de estar o beneficiario matriculado nos estudos que en cada caso correspondan.

O Concello resérvase a posibilidade de requirir aos beneficiarios certificación expedida polo Secretario do centro educativo, acreditativa de que o alumno estivera matriculado no mesmo ao longo de todo o curso académico.

#### 8.- REINTEGRO DAS SUBVENCIONS:

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 de 17 de novembro.

#### 9.- OUTRAS SUBVENCIONS OU AXUDAS:

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter os beneficiarios doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das mesmas non supere o custe da actividade ou investimento subvencionado.

#### 10.- DISPOSICIÓN ADICIONAIS:

As persoas beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse a todas as actuacións que este poida acordar para comprobar que os fins ós que se dedica a subvención se corresponden cos fins para os que se solicitara e concedera a axuda, e para comprobar se se cumpren todas as condicións esixidas para a concesión da subvención ou axuda.

Chantada, a 5 de novembro de 2009.- O tenente de Alcalde, Ildefonso Piñeiro Díaz.